

## FUNCIONARIZACIÓN: PUBLICACIÓN DA ORDE REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE NOMEAMENTO COMO P. FUNCIONARIO

Santiago de Compostela 27/06/2022

Publicase hoxe en DOG a [Orde que regula o procedemento para o nomeamento como persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo de determinadas categorías profesionais que superou os procesos de funcionarización convocados polas resolucións 26 de abril de 2021 e 12 de maio de 2021.](#)

A orde que regula varios aspectos derivados do cambio do vínculo xurídico coa Administración.

**As categorías profesionais ligadas a estes centros de Política Social serán obxecto dunha orde posterior.**

As **Xefaturas Territoriais** recibirán os **documentos de acordo de extinción do contrato de traballo** como persoal laboral fixo derivado da adquisición da condición de persoal funcionario de carreira logo da superación dos procesos de funcionarización, de Administración Xeral. **A data de sinatura deste Acordo de extinción será o 30 de xuño**

A **extinción do contrato** está **condicionada á toma de posesión** como persoal funcionario, esta implicará o **cambio do vínculo xurídico** que será o **día 1 de xullo de 2022.**

- **Suposto de vacacións, permisos ou licenzas:**
  - O prazo para a sinatura do acordo de extinción comezará a contar desde a súa finalización.
  - O día da toma de posesión será o día seguinte hábil ao da sinatura do dito acordo.
- **Suposto de incapacidade temporal ou incapacidade permanente con reserva de posto:**
  - O cómputo do prazo iniciarase a partir da corresponden incorporación.
- Para os **prazos anteriores, exceptúanse as situacións derivadas de maternidade ou paternidade**

**O persoal conservará as excedencias noutras categorías profesionais.**

As persoas que se inclúen no Anexo II recibiredes chamada e/ou correo electrónico para realizar o trámite.

Se non te chamaron ou non tes @ sobre isto, ponte en contacto coa túa Habilitación de Persoal, ou co teu delegado/a de **UGT**.